

BANDO MUNICIPAL

En cumprimento da Lei 3/2007 de prevención de incendios forestais, comunícase que se vostede é titular/propietario/a de soares ou parcelas situadas en solo urbano, urbanizable e de núcleo rural, ten a obriga de mantelas nun axeitado estado de limpeza e coa masa vexetal desbrozada do seguinte xeito:

Primeiro. A parcela deberá estar limpa se se atopa dentro dunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, urbanizable delimitado e de núcleo rural. Tamén deberá estar limpa se se atopa nunha franxa de 50 metros ao redor de edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte (artigo 21 da Lei 3/2007).

Segundo. No interior do núcleo de poboación e na totalidade da franxa de protección de 50 metros dende a liña que delimita urbanisticamente os núcleos, non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da presente lei, como son piñeiros, eucaliptos, acacias, toxos, fentos, mimosas, xestas, carqueixa, piorno, carrasca (queiruga) e silvas.

Terceiro. No suposto de incumprimento do disposto anteriormente, o Concello, de oficio ou por solicitude de interesado, enviaralle á persoa responsable unha comunicación na que se lle lembrará a súa obriga de xestión e limpeza da biomasa vexetal e arbórea, e para facelo se lle concederá un prazo máximo de 15 días naturais, ou de tres meses no caso de franxas laterais das vías de comunicación, contados dende a recepción da comunicación, coa advertencia de que para o caso de incumprimento poderase proceder á execución subsidiaria, con repercusión dos custos da xestión da biomasa e, no seu caso, o comiso das especies arbóreas prohibidas e retiradas pola Administración (Argio. 22.2 da Lei 3/2007).

Cuarto. O incumprimento desta obriga, transcorridos os devanditos prazos, determinará a incoación do correspondente expediente sancionador, coa imposición de sancións segundo o determinado no artigo 50 da Lei 3/2007 en relación co Título VII da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Quinto. Lémbrese que a administración pode repercutirle os gastos de extinción dun incendio ás persoas responsables de non cumprir coa obriga de limpeza e xestión da biomasa vexetal e polo incumprimento das distancias mínimas, segundo as mencionadas Leis 3/2007, 43/2012 e 7/2012, de prevención de incendios forestais e de montes de Galiza.

Xa que logo, **APELANDO Á COLABORACIÓN DE TODAS/OS AS/OS VECIÑAS/OS, INFORMO E COMUNICO DA OBRIGA** de que as parcelas situadas dentro das franxas de protección a que se refiren os apartados anteriores estean limpas de maleza e desbrozadas.

En Arzúa o 13 de agosto de 2025

O Alcalde

Xoán Xesús Carril Ramos